

## DECRETO

**EXCMA. SRA. LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

**ASUNTO: APROBACIÓN MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE XERACIÓN DE CRÉDITO (EXPTE XC 23-2021). "PLAN DE ACCIÓN DE AGENDA URBANA: LUGO CIDADE VERDE."**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos na modalidade de **xeración de crédito (Expdte XC 23/2021)**, coa ocasión da Resolución do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, do día 01/12/2021, pola que se concede ó Concello de Lugo unha subvención por importe de 200.000,00 € para a execución do "**PLAN DE ACCIÓN DE AGENDA URBANA: LUGO CIDADE VERDE**".

Visto informe de Intervención, Ref. 1937/2021 Xeración de crédito nº 23/2021, de data 03/12/2021

Considerando o disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente.

Considerando que o ingreso que serve de financiamento para a xeración de crédito non ten natureza tributaria e que consiste nos compromisos firmes de aportación por mor da subvención concedida ó Concello de Lugo por contía total de 200.000,00 euros, e existindo unha evidente correlación cos créditos para gastos a xerar, coa finalidade da execución do proxecto denominado: "**PLAN DE ACCIÓN DE AGENDA URBANA: LUGO CIDADE VERDE**."

En base ás atribucións conferidas á esta Alcaldía, resólvese:

Aprobar o presente expediente de xeración de créditos, introducíndose nos estados de gastos e ingresos, as seguintes modificacións, con imputación ó CP 212410004, creando, de ser o caso, as apliacións orzamentarias indicadas:

- Proxecto :
  - **Programa " PLAN DE ACCIÓN DE AGENDA URBANA: LUGO CIDADE VERDE"**
- Importe total **Gasto subvencionable: 200.000,00 €**. (Resolución definitiva do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana).
- Importe Total Programa: 242,000,00 €
- Importe **Subvención 200.000,00 €**

## INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac7266841462932441152.doc

Asunto: X.C. 23/2021 LUGO CIDADE VERDE

- Observacións : Financiamento :
  - **Aportación municipal: 42.000,00 €**
  - **Subvención: 200.000,00 €**
- ✓ Xeración de crédito: 200.000,00 €.

Xeración de créditos.-

ESTADO DE INGRESOS: Compromisos firmes de aportación do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana S2817040E.

Concepto	Código proxecto	Importe
42090	212410004	200.000,00 €

ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base os compromisos firmes de aportacións anteriores.

Aplicación Orzamentaria	Código proxecto	Importe
24100.22799	212410004	200.000,00 €

Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen mais trámites, polo cal deberase introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados deste expediente.